



Escola Galega da Paisaxe
Juana de Vega



Premio 2015: Casa Chao (Corcubión) de Arquitectos Creus e Carrasco.

Convocatoria

Premios Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe 2018.

Categoría: **Vivendas Unifamiliares**

Obxecto

O Premio Juana de Vega de intervencións na paisaxe xorde do convencemento de que a paisaxe é un elemento fundamental do patrimonio de calquera sociedade humana por incidir directamente no seu benestar físico e espiritual e por ser un recurso socio- económico de enorme potencial. Para poñer en valor e mellorar a calidade paisaxística do territorio, a Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega convoca o Premio como recoñecemento a aquelas intervencións no patrimonio natural e construído que contribúan a mellorar a calidade dos elementos que configuran a paisaxe de Galicia e sirvan de referencia social para futuras intervencións no mesmo.

No ano 2018 convócase o Premio na categoría de **VIVENDAS UNIFAMILIARES** que ten como obxecto recoñecer á mellor vivenda unifamiliar, tanto de nova planta como de rehabilitación, que poida influír favorablemente nos tipos de vivenda que se constrúen en Galicia.

Prazos

O prazo de presentación de candidaturas estará aberto ata o **1 de xuño de 2018** e o fallo do xurado darase a coñecer no último cuadrimestre do ano.

Valoración

Dentro da súa liberdade para tomar decisións, o xurado deberá valorar os seguintes aspectos nos proxectos presentados ao premio:

- A capacidade da obra de converterse nunha referencia social que poida influír favorablemente nos tipos de vivenda que se constrúen en Galicia.
- A economía no uso dos materiais e a súa dispoñibilidade na área na que se circunscribe o premio.
- A integración da vivenda na súa contorna.
- Incorporación de criterios de sostibilidade.

Candidatos

Poden ser candidatos ao premio:

Autor/es do proxecto. Só se admitirán intervencións que fosen rematadas entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2017 desenvolvidas no territorio galego.

Dotación

O premio terá unha dotación económica de 6.000,00 €. Ademais, os premiados recibirán un diploma acreditativo.

A criterio do xurado poderán concederse dous accésits, dotados cada un deles cun diploma e unha cantidade económica de 1.500,00 €.

Os promotores das intervencións galardoadas co premio e os accésits, recibirán unha placa acreditativa.

Os traballos premiados serán difundidos a través da web da Fundación, redes sociais, prensa xeral e medios especializados.

Xurado

O xurado estará formado por:

- Gonzalo Byrne
- Teresa Taboas
- Rosario Sarmiento
- Miguel Fernández Cid
- Fernando Agrasar Quiroga
- Antonio Maroño Cal
- Isabel Aguirre de Urcola
- Enrique Saéz Ponte

A Fundación Juana de Vega, de entre os membros do xurado, nomeará ao presidente do mesmo.

Incompatibilidade

Non poderán optar ao premio os membros do xurado e os seus asociados, así como os familiares dos mesmos, calquera que sexa o grao de parentesco.

Documentación

A proposta deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a _ Formulario de presentación de candidaturas (ANEXO) cumprimentado e asinado polo autor ou pola persoa que presenta a candidatura.
- b _ Certificación asinada polos autores na que se dea fe do remate da obra dentro do prazo establecido no apartado quinto (periodicidade), así como a data de visado e o número de expediente colexial, acompañado do certificado final de obra, no caso de que polo tipo de intervención, se requira visado colexial.
- c _ Declaración Xurada do autor ou autores sobre os datos económicos obxecto do proxecto ou da intervención, na que se indicará o orzamento total de execución da intervención rematada e metros cadrados obxecto da mesma.
- d _ Fotografías e planos do estado previo ao inicio das obras e do estado final das mesmas.
- e _ Plano de situación da intervención que permita a súa localización.
- f _ Breve memoria descritiva do traballo presentado, en formato horizontal DIN A3 con xustificación dos materiais empregados e dos demais valores estimados a xuízo do autor/es.

Planos representativos das intervencións realizadas, que segundo o caso, poderán ser:

- Plantas completas

- Alzados completos
- Seccións
- Detalles construtivos
- Calquera outro plano representativo do intervención realizada

Toda a documentación deberá presentarse en soporte papel co formato e as dimensións indicadas nos apartados anteriores ademais de en soporte dixital en arquivo PDF e as fotografías deberán ter unha resolución mínima de 300PPP en formato JPG.

A documentación achegada quedará en propiedade da Fundación Juana de Vega. Igualmente, todo o material gráfico e fotografías estarán libres de dereitos de autor e os concursantes galardoados co Premio ou cun accésit, autorizan expresamente á Fundación Juana de Vega, polo feito de presentar a súa candidatura, a utilizar a documentación gráfica para a edición de publicacións en soporte papel ou en dixital, co obxectivo de difundir os resultados das diferentes convocatorias.

Lugar de presentación de candidaturas

As candidaturas deberán presentarse en:

Fundación Juana de Vega

Rúa Salvador Allende, 92, 15176, San Pedro de Nós – Oleiros (A Coruña)

Tel. +34 981 654 637

e-mail.: info@juanadevega.org

web: www.juanadevega.org

Fallo do xurado

O xurado, á vista da documentación presentada, poderá realizar unha selección previa daquelas obras que considere reúnen condicións suficientes para optar ao premio, e realizar unha posterior visita ás mesmas. Os premios e os accésits poderán quedar desertos se as propostas presentadas non se consideran axustadas aos obxectivos do mesmo.

Unha vez analizadas todas as propostas, as decisións do xurado adoptaranse por maioría simple, sen voto de calidade. As decisións do xurado así adoptadas serán inapelables.

O fallo do xurado farase público a través da páxina web da Fundación Juana de Vega e noutros medios. Igualmente, os autores premiados recibirán unha comunicación por escrito na que se lles dará conta da resolución do xurado.

A entrega do premio realizarase nun acto público que terá lugar na sede da Fundación Juana de Vega, no último cuadrimestre de cada ano.

Aceptación das bases

A simple presentación de propostas para optar ao premio, implica o coñecemento e a plena aceptación das bases da convocatoria que pode consultar na seguinte ligazón: **Bases Premio**

Anexo

Formulario de presentación da candidatura ao premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe 2018.

Categoría Vivendas Unifamiliares

Nome da obra:

Situación da obra (dirección, concello e provincia):

Autor/es da obra:

Colaboradores:

Promotor:

Dirección postal:

Email:

Teléfono:

Data remata obras:

Orzamento total:

Orzamento de contrata:

Superficie de actuación (m2):

Firma:

En _____ a ____ de _____ de 2018